



VISITA AO MUPEGA

GUÍA PARA DOCENTES DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



museo
pedagógico
de galicia

Guía para docentes de 5º e 6º de Educación Primaria que visiten a exposición temporal

O Museo Pedagógico de Galicia, MUPEGA, é un centro específico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións educativas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio pedagógico de Galicia.

O MUPEGA oferta aos centros educativos visitas guiadas adaptadas ás idades e intereses do alumnado para que resulte proveitosa e enriquecedora.

Tratamos o temas dun modo lúdico e atractivo, utilizando unha metodoloxía activa e participativa.

Para completar a visita ao Mupega, o equipo de didáctica deseñou un conxunto de actividades para realizar na aula antes e despois da visita.

Tendo en conta o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* (artigo 3), coa visita ao museo contribúese á consecución dos seguintes obxectivos:

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Ademais, tanto a visita como as actividades propostas encádranse no currículo de educación primaria con elementos procedentes de distintos bloques e áreas, de xeito que os mestres e mestras poidan incluílo sen dificultade na aula.

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: VISITA AO MUPEGA				5º EP
ÁREA	Contido	Criterio de avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Actividades
Ciencias Sociais	B1.5.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia.	B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da visita
	B3.6.Manifestacións culturais e lingüísticas de España. (Galicia)	B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	
	B3.11.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de inmigrantes ao noso país.	B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa e América	
	B4.3.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.	B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar	B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar	
	B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.	B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	
	B4.12.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Elaboración dunha guía dun museo próximo.	B4.6.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.6.1.Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar	
Lingua Castelá	B.1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais. B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, pres-	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais. B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade.	LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía. LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema selecciona as ideas principais	Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da visita

	critivos e persuasivos).			
Educación física	B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas	B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.	Visita ao museo
Educación Musical	B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Visita ao museo
Lingua Galega	B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo, de maneira xeral, información de opinión e elaboración dun resumo. B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender. B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados)	B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, opinións e valores explícitos. B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. GB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela escola.	Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da visita Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da visita Visita ao museo

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: VISITA AO MUPEGA				6º EP
ÁREA	Contido	Criterio de avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Actividades
Ciencias Sociais	B3.7.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa e América B4.3.O tempo histórico e a súa medida. B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Rea-	B3.4.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa e América B4.2.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración CSB4.2.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	Visita ao museo Actividades para despois da visita Actividades para despois da visita

	<p>lización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia</p> <p>B4.6.España na Idade Contemporánea I: o século XIX. B4.7.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX. B4.8.España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.</p>	<p>B4.3. Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.</p>	<p>CSB4.3.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España. CSB4.3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.</p>	<p>Actividades antes da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
Lingua Castelá	<p>B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B1.4. Valoración crítica de mensaxes verbais e non verbais.</p> <p>B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.</p> <p>B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.</p>	<p>B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais</p> <p>B1.4. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais.</p> <p>B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.</p> <p>B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.</p> <p>B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos</p> <p>B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións</p>	<p>LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.</p> <p>LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.</p> <p>LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.</p> <p>LCB3.4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas).</p> <p>LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.</p> <p>LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.</p>	<p>Actividades antes da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p> <p>Actividades antes da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p> <p>Actividades antes da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
Educación física	<p>B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.</p>	<p>B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</p>	<p>EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza</p> <p>EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.</p> <p>EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.</p>	<p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>

<p>Lingua Galega</p>	<p>B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.</p> <p>B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións, contacto visual...</p> <p>B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p> <p>B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</p>	<p>B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender. B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p> <p>B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.</p> <p>B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas</p> <p>B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.</p>	<p>LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe</p> <p>LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.</p> <p>LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper</p> <p>LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.</p> <p>LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</p>	<p>Actividades antes da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
-----------------------------	--	---	--	---

A continuación descríbese brevemente en que consiste a visita ao museo e as actividades previas e posteriores á visita pensadas para realizar na aula (e que se atopan ao final deste mesmo documento).

ACTIVIDADES PARA REALIZAR ANTES DA VISITA

Estas actividades están deseñadas para realizar de xeito individual ou grupal. Preténdese partir dos coñecementos previos do alumnado en relación aos museos para situalos no contexto da visita ao MUPEGA.

Por este motivo propóñense actividades para conversar na aula, que acheguen aos nenos/as ao coñecemento dun museo, das normas do mesmo e do que poderán ver na visita ao MUPEGA.

O Mupega

O Mupega é un museo pedagóxico no que se conservan e expoñen pezas relacionadas con educación en Galicia desde fai moitos anos.

Na MUPEGA podemos coñecer como foron os inicios da educación en Galicia, como eran as escolas, que obxectos empregaban, que cousas aprendían, como eran os xoguetes...

Para que vos fagades unha idea... Como eran as escolas das vosas avós e mesmo, máis atrás...

Aprender un pequeno aforro:



Actividade para antes da visita

Has museos únicos, orixinais, museos con arquitecturas sorprendentes...

Investiga sobre algún museo do mundo, cúbete a ficha do museo e realízala unha posta en común cos teus compañeiros/as.

Ficha do museo:

- 1. Nome do museo:
- 2. Localización (dónde na que se atopa):
- 3. País:
- 4. Ano da súa fundación:
- 5. Tipo de pezas ou obras que se poden ver:

Actividade para antes da visita

Tamén podemos partir do análise da obra pictórica de Albert Anker “Escola de pobo en 1848”, e facer unha reflexión sobre como podería ser a escola sen algúns obxectos cotiás.



Imaxina unha escola na que non existían as seguintes obxectos:



¿Como pensarías que se simularían os mestros/país...?

Simularías na escola:

1. Facer exames.
2. Mandar tarefas para a casa.
3. Facer tarefas a mesma tarefa.
4. Estudiar as diferentes materias.
5. Repetir as tarefas.
6. Pagar e dar as notas.
7. Comensar a ser país.

Actividade para antes da visita

VISITA AO MUPEGA

Durante a visita explícanse as características e os obxectos da escola na primeira metade do século XX a través do cadro “A escola de Doloriñas” de Julia Minguiñón: o alumnado, a pizarra, a vara, os libros,... Realízase un percorrido por algúns espazos do museo entre os que se atopan a sección adicada aos xoguetes e xogos tradicionais ou a escola de americanos. Ademais visítase a aula obradoiro, recreación dunha aula antiga na que os nenos/as poderán entrar, sentarse, e mesmo escribir con pizarra e pizarrín.



Se os e as docentes estiveran interesados en que o seu alumnado visitara as aulas históricas ou a sección adicada ao segundo ensino, podería incluírse na visita, previa consulta ao equipo do museo (por correo electrónico ou teléfono).




Ao longo da visita inclúese algunha actividade na que participan os nenos e nenas.

Duración aproximada da visita: unha hora e cuarto.

ACTIVIDADES PARA REALIZAR DESPOIS DA VISITA

Con estas actividades os nenos e nenas poderán lembrar e reforzar os coñecementos adquiridos na visita e establecer situacións de conversa sobre a mesma que axuden a valorar o aprendido.





Actividades para alumnado de 5º e 6º de Primaria




Actividades para realizar antes da visita

NORMAS DUN MUSEO

3º e 4º de Primaria




Desprázome en orde



Non toco as pezas do
museo sen permiso




Levanto a man para
falar



Non podo comer nin
beber no museo



Escoito as explicacións
do museo e divírtome



Falo sen berrar

Actividade para antes da visita


QUE É UN MUSEO?

Un museo é un lugar no que se conservan pezas, obras de arte, obxectos, antigüidades, fósiles ... é dicir, calquera peza de valor que nos axude a aprender sobre algún tema.

Hai moitos tipos de museo, por exemplo:



Pinacotecas: Museos onde a meirande parte das pezas son pinturas.



Museos tecnolóxicos: Nos que aprendemos moito sobre o funcionamento de aparellos tecnolóxicos.



Museos de arte moderna: Nestes museos, podemos ver diferentes obras de arte (pinturas, esculturas, fotografías...) modernas e moi orixinais.



Casas museo: Casas nas que viviron personaxes importantes



Museos de historia natural: Poden conservar animais desecados, ou partes dos mesmos..aparellos para o seu estudio, rochas e minerais...

Pero hai moitos máis... museos militares, museos do reloxo, do xoguete... e, como non... museos pedagóxicos!



museo
pedagógico
de galicia

O MUPEGA



O Mupega é un museo pedagógico no que se conservan e expoñen pezas relacionadas coa educación en Galicia dende fai moitos anos.

No MUPEGA podemos coñecer como foron os inicios da educación en Galicia : como eran as escolas, que obxectos empregaban, que cousas aprendían, como eran os xoguetes Para que vos fagades unha idea... Como eran as escolas dos vosos avós e mesmo, bisavós... Aquí vai un pequeno adianto:



Actividade para antes da visita

Hai museos únicos, orixinais, museos con arquitecturas sorprendentes....



Museo Madame
Tussauds.
Londres.
Reino Unido.



Museo Guggenheim.
Bilbao.
España.



Museo del Louvre.
París.
Francia.

Investiga sobre algún museo do mundo, cubre a ficha do museo e realiza unha posta en común cos teus compañeiros/as.

Ficha do museo


Nome do museo:

Cidade/localidade na que se atopa:

País:

Ano da súa fundación:

Tipo de pezas ou obras que se poden ver:



Ola, son Escoliño, teño 9 anos e vou á escola como vosoutros. Quería mostrarvos unha escola antiga a través dun cadro. Hai moitas obras que representan a escola, esta pintouna Albert Anker. Que diferenzas e similitudes vedes comparándoa coa vosa?



Imaxina unha escola na que non existisen os seguintes obxectos:



Debatede na clase:

Como pensas que se amañarían os mestres e mestras para...?

- 1. Facer exames.*
- 2. Mandar tarefas para o fogar.*
- 3. Facer todos a mesma tarefa.*
- 4. Ensinar as diferentes materias.*
- 5. Revisar as tarefas.*
- 6. Poñer e dar as notas.*
- 7. Comunicarse cos pais e nais.*



Redacta como sería a escola na primeira metade do século

XX. Para iso axudariáche contestar a:

Quen estaba nas aulas?

Que utilizaban para escribir?


Como se chamaban os libros que utilizaban?...

*Ilustra cun debuxo como sería a escola da
primeira metade do século XX*



Actividades para realizar despois da visita

Completa o encrucillado:



Horizontal:

1. Xogueto de madeira que se fai bailar coa axuda dunha corda.
3. Escola rural onde os pais pagaban con parte da colleita.
5. Nome que recibían os ensinantes que non eran mestres.
6. Antigamente nas escolas os nenos/as escribían nas pizarras cun...

Vertical

2. As escolas de indianos foron impulsadas por galegos que emigraron a ...
4. O cadro do museo, pintado por Julia Minguillón, chámase escola de...




Como descubriches na visita ao museo, as “escolas de indianos” foron creadas por galegos que emigraron a países de América. A emigración acompañou a sociedade galega en diferentes épocas. Investiga se na túa localidade ou cidade a emigración tivo unha forte presenza. Descubre todo o posible sobre a mesma: países aos que se adoitaba emigrar, número de persoas que emigraron, tipo de traballos que desenvolvían, emigrantes retornados despois podes escribir unha pequena composición e facer unha posta en común na aula.

A emigración na miña localidade




Horizontal lines for writing a composition.





Pensa na recta do tempo, escribe o que tiñan, teñen e o que cres que terán as escolas





Lembras que é cada cousa?



BIRLOS

ZOADEIRA

CARRACA